

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO
DE GOBERNO A NON COMPROMETER 982.292,64 € DE
TRES ORZAMENTOS ANUAIS PARA A
CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METALICA NO
PASEO DO MALECÓN.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de xullo, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou un convenio co Concello de Monforte de Lemos por importe de 5.126.356,71 euros, baixo o concepto "Actuacións urbanas ou no medio rural municipal co obxectivo de mellorar as comunicacións que beneficien ao conxunto da veciñanza".

Aínda que o texto do convenio non identifica expresamente a actuación á que se destinan estes fondos, resulta significativo que o importe coincida exactamente co orzamento previsto para o proxecto da ponte metálica no Paseo do Malecón.

Segundo a documentación coñecida, a execución desta actuación supón, ademais da achega da Deputación, un compromiso económico por parte do Concello de 2.839.299,71 euros, distribuídos en varias anualidades, das cales 982.292,64 euros corresponden a tres exercicios orzamentarios futuros.

Cómpre lembrar que o proxecto definitivo da ponte xerou unha importante contestación social desde que foi exposto publicamente, abrindo un debate cidadán sobre a súa oportunidade, prioridade e impacto urbanístico.

Ante esta situación, o Grupo Municipal Popular considera que non resulta prudente nin responsable comprometer recursos económicos de futuros orzamentos municipais nun proxecto que non conta cun consenso social suficiente e que condicionará a capacidade de decisión da próxima Corporación municipal.

Do mesmo xeito, entendemos que os importantes recursos económicos que a Deputación Provincial destina a Monforte de Lemos poderían orientarse cara a outras actuacións que respondan a necesidades máis urxentes e compartidas pola maioría da veciñanza.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

- Instar ao equipo de goberno a non adquirir compromisos de gasto que afecten ás anualidades futuras por importe de 982.292,64 euros destinados á construción da ponte metálica no Paseo do Malecón e adiar a formalización destes compromisos económicos ata que a futura Corporación municipal, resultante das eleccións municipais de maio de 2027, poida valorar a conveniencia da execución desta actuación.